

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 18-08-2025, ditou a resolución con número 2356/2025 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Aprobación de convocatoria e Bases “I Premios do Deporte Concello de Carballo”.

Antecedentes:

Primeiro.- Proposta do Consello Deportivo Municipal do Concello de Carballo sobre a creación dos “Premios do Deporte Concello de Carballo” logo das sesións plenarias de 12 de marzo e 26 de novembro de 2024.

Segundo.- Informe do técnico de deportes, de 12/08/2025, concluíndo que *“para o cumprimento das competencias en materia de Deporte e a consecución dos obxectivos das políticas deportivas propias do Concello de Carballo, é oportuna a creación dos Premios do Deporte Concello de Carballo”, no que se indica, entre outros, que “A celebración de unha actividade de recoñecemento e visibilización das actuacións dos axentes do SDL encádrase dentro das competencias en materia de deporte de un municipio, pois contribúe a fomentar os valores do deporte e a promover a práctica estimulando á poboación en xeral a participar no feito deportivo como deportista e/ou directivo e xestor do deporte.”*

Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local. (Artigos 25. 1; 25.2 e 26).
- Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia. (Artigos 8.1; 8.2; 8.4; 8.5;8.8;8.9 e 8.10).

Visto o cal, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a convocatoria dos “I Premios do Deporte Concello de Carballo” que recoñecerán as persoas e entidades destacadas polos seus logros deportivos e labores de fomento e promoción do deporte, conforme ás seguintes

BASES

Primeira.- Premios do Deporte Concello de Carballo.

A convocatoria dos I Premios do Deporte Concello de Carballo recoñecerá as persoas e entidades destacadas polos seus logros deportivos e pola súa labor no fomento e promoción da da actividade física e o deporte no ámbito local.

Segunda.- Premios

Establécense nove premios nas seguintes categorías e para o ano 2025, e a posibilidade de mencións especiais e galardóns xerais:

1. Mellor deportista carballesa. Actuación deportiva mais distinguida en calquera ámbito (autonómico, nacional, internacional).
2. Mellor deportista carballés. Actuación deportiva mais distinguida en calquera ámbito

(autonómico, nacional, internacional).

3. Mellor deportista promesa carballesa. Deportista de categorías base que mais se distinga pola súa progresión e acutación deportiva en calquera ámbito.
4. Mellor deportista promesa carballés. Deportista de categorías base que mais se distinga pola súa progresión e acutación deportiva en calquera ámbito.
5. Premio “Pedras Brancas”: Equipo ou entidade que mais se distinga pola súa actuación deportivo-competitiva en calquera ámbito.
6. Premio “Carballo Deporte”: Á entidade con maior distinción na especial contribución a tarefas de fomento do deporte e/ou organización de actividades deportivas.
7. Premio “Arsenio Iglesias”: Mellor adestradora/adestrador carballesa/carballés. Actuación deportiva mais distinguida en calquera ámbito (autonómico, nacional, internacional).
8. Premio “Luís Calvo Sanz”: Á institución, entidade, etc. ca actuación mais distintiva na colaboración co deporte carballés.
9. Premio “Vida adicada ao Deporte”: Deportista, técnica/o, directiva/o xa retirado da súa actividade deportiva principal con unha traxectoria trascendente no eido deportivo local.
10. Mención Especial: Poderá recoñecerse a título individual ou colectivo un máximo de catro mencións a persoas ou entidades con labores consideradas destacadas polo xurado, sexan ou non candidatos.
11. Galardóns Xerais: Recoñecemento de logros deportivos competitivos que o xurado considera relevantes dentro do ano 2025 pero non acadaron premio, foran ou non candidatos.

Os premios poden concederse ex aequo ou quedar desertos.

Os premios non teñen dotación económica e consisten en un diploma acreditativo e un galardón conmemorativo, e no recoñecemento público mediante unha Gala do Deporte organizada polo Concello de Carballo, onde se realizará a entrega das distincións aos premiados.

Terceira.- Presentación de candidaturas.

- A) Poderán presentar candidatura as persoas físicas e xurídicas interesadas na promoción do deporte no ámbito territorial do Concello de Carballo e os membros do xurado, co límite de unha única candidatura por cada categoría/premio das definidas na base segunda, con xustificación da mesma e conformidade da persoa ou entidade proposta.
- B) O prazo de presentación de candidaturas será dende o 3 de novembro ao 21 de novembro inclusive, con excepción das presentadas polos propios membros do xurado, que poderán facelo ate o día da xuntanza de deliberación.
- C) As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica do Concello de Carballo, e de xeito independente de maneira que se presentará unha solicitude para cada unha das candidaturas presentadas.
- D) A solicitude e toda a documentación estarán asinadas pola persoa que a presenta.
- E) Entregarase a seguinte documentación
 - a. Datos da persoa/entidade proposta:
 - i. Nome e Nif da persoa ou entidade cadidata.
 - ii. Nome do representante da entidade ou da persoa proposta se é menor de idade.
 - iii. Enderezo Postal
 - iv. Teléfono
 - v. Enderezo de correo electrónico.
 - vi. Categoría proposta para premio.
 - b. Memoria:
 - i. Xustificación da premiación.
 - ii. Relación de méritos, actividades ou resultados obtidos e datas dos mesmos.
 - c. Declaración de conformidade da persoa (ou do representante se é menor de idade) ou entidade proposta para a premiación.
 - d. Cando o propoñente é unha entidade, acreditación da representación ou acordo de solicitude de proposta da premiación.

Cuarta.- Xurado.

O xurado será o propio Consello Deportivo Municipal, que é o órgano de participación sobre a actividade deportiva no ámbito territorial do concello e no que están representadas as asociacións deportivas municipais.

Poderán asistir os técnicos municipais da área de deportes e persoas que requira o propio Consello pola súa actuación e coñecemento en relación aos premios a abordarse.

As funcións de secretaría exerceraas o funcionario ao que se lle asigne dita función no CDM.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As deliberacións serán secretas e delas será estendida a acta correspondente.

O xurado poderá declarar deserto/s o/s premio/s.

A proposta de concesión que formule será aprobada por resolución da Alcaldía.

A resolución de concesión dos premios será dada a coñecer no taboleiro de anuncios, na sede electrónica do Concello de Carballo.

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, e será necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución aplicárase o disposto no art. 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

Para propoñer a concesión dos premios o xurado terá en conta os seguintes criterios:

- Resultados deportivos acadados no ano 2025.
- Promoción dos valores deportivos e consolidación como referente e exemplo que se ha seguir para o sistema deportivo do Concello de Carballo, tanto dentro como fóra do espazo deportivo: excelencia, amizade, respecto, autosuperación, constancia, perseveranza, competitividade, igualdade, equidade, compañeirismo, actitudes non sexistas, traballo en equipo, convivencia, cooperación, xogo limpo, espírito de sacrificio, autodisciplina, tolerancia.
- Calidade técnica, regularidade, recoñecemento, mellor puntuación na cualificación técnica na súa actuación como adestrador/a, árbitro/a e xuíz/a.
- Promoción e apoio ao deporte no Concello de Carballo.

O xurado poderá valorar outros méritos que estime convenientes e que dará a coñecer, das persoas ou entidades que se propoñan.

O xurado presentará a súa proposta ao Alcalde do Concello de Carballo, órgano competente para conceder o premio.

Quinta.- A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

Sexta.- Tratamento de datos.

Os datos facilitados serán tratados polo Concello de Carballo coa finalidade de tramitar esta convocatoria.

A participación nesta convocatoria implica aceptar a realización de fotografías e/ou vídeos polo Concello de Carballo no acto de entrega dos premios, que poderán ser publicadas en:

- A páxina web e perfís en redes sociais do Concello de Carballo.
- Filmacións destinadas á promoción da actividade.
- Publicacións para dar a coñecer a actividade.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Carballo ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se considera que o tratamento incumpre co establecido no RXPd pode reclamar perante a AEPD.

Poden consultar máis información relacionada coa protección de datos así como consultar calquera outra dúbida relativa a protección de datos dirixíndose ao Delegado de Protección de datos do Concello de Carballo a través do seguinte correo electrónico: dpd@carballo.gal.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2025/D002/000011
Exp. 2025/G003/002420

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde
Evencio Ferrero Rodríguez

Secretaria
Susana Mariño Lorenzo

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario
Marina Núñez Orjales